

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 2021/15

DATA: xoves 25 de novembro de 2021

LUGAR: salon de Plenos - Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:00 h

HORA DE REMATE: 21:46 h

PRESIDE ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

SECRETARÍA MÓNICA PICHEL GARCIA, que redacto esta acta.

INTERVENTORA PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

ASISTEN

BNG
ADELINA CES QUINTANS
TOBIAS BETANZOS REGO
RAQUEL GARCIA ABUIN
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
PP
MARIANO MOARES RIAL
ALICIA CAROU ROMERO
FRANCISCO RUBIO VICENTE
PSdeG-PSOE
MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES
Rianxo en Común-SON
JULIAN BUSTELO ABUIN
JULIO ALCALDE HERMO

AUSENTES

PP
GERMAN ALLUT VIDAL
PSdeG-PSOE
MARÍA JOSÉ TEMBRA MUÑÍZ
Ciudadanos
SARA MARÍA RESUA PATIÑO

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES
2. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 902/2021 DE DATA 27/10/2021 DE APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE 27 DE OUTUBRO DE 2021. ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO
3. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES
4. PROPOSTA DA ALCALDÍA: ADHESIÓN Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALICIA. De Data 08/11/2021 Co Nº Rexistro de Entrada 20210000004344)
5. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO SECTOR LÁCTEO GALEGO (presentada o día 17/11/2021 co Rexistro de Entrada nº 20210000004467)
6. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BNG- SOBRE O INCREMENTO DOS RECURSOS ECONÓMICOS DESTINADOS ESPECIFICAMENTE A LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. (presentada o día 18/11/2021 e co Rexistro de Entrada nº 20210000004479)
7. PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE FORMULADA CON MOTIVO DO 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO (Presentada por Rexistro de Entrada nº 20210000004482 o día 18/11/2021)
8. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO
9. INFORMES MOROSIDADE E PMP 2021
10. Dación de conta do informe da tesouraría municipal sobre a morosidade. Primeiro trimestre 2021
11. Dación de conta do informe da tesouraría municipal sobre a morosidade. Segundo trimestre 2021
12. Dación de conta do informe de tesouraría sobre a morosidade do terceiro trimestre 2021
13. Dación de conta do informe da tesouraría municipal sobre o PMP. Segundo trimestre 2021
14. Dación de conta do informe da tesouraría municipal sobre o PMP. Terceiro trimestre 2021
15. Dación de conta de informe de tesouraría aclaratorio sobre a advertencia de reiteración de incumplimento polo seguimento do plan de axuste. Cuatro trimestre 2020
16. Rogos e preguntas

ACORDOS

DELIBERACIÓN

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2021/G010/000015 e identificado pola pegada dixital:

b70777dc4f4aa32d3b19963338e4863013dd99284435afe91028914c49b72af4

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

https://www.youtube.com/watch?v=Ze10mfsB_PU

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES

APROBACIÓN ACTA Nº 12/2021 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA URGENTE DO 13/10/2021

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 12/2021 de 13/10/2021.

Propónse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 13/10/2021, Acta nº 12/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

APROBACIÓN ACTA Nº 13/2021 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 28/10/2021

Dende o departamento de secretaria advertiuse un erro na acta no 13/2021 do pleno ordinario de 28/10/2021, non consta no apartado de ausentes ao Pleno o concelleiro Julián Bustelo Abuín, polo que se procede a emendar este erro e engadir a Julián Bustelo Abuín como ausente ao Pleno

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 13/2021 de 28/10/2021, coa corrección do erro sinalado.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 28/10/2021, Acta nº 13/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta e coa corrección do erro.

APROBACIÓN ACTA Nº 14/2021 DO PLENO EN SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 15/11/2021

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 14/2021 de 15/11/2021.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 15/11/2021, Acta nº 14/2021.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

2 RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 902/2021 DE DATA 27/10/2021 DE APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE 27 DE OUTUBRO DE 2021. ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 902/2021 DE DATA 27/10/2021 DE APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE 27 DE OUTUBRO DE 2021. ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orde do día do presente Pleno da Proposta sen ditame previo de Comisión Informativa, aprobándose a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación

Dáse lectura da proposta presentada:

Con data 27 de outubro de 2021, ditase a Resolución de alcaldía nº 902/2021 que a continuación se transcribe:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

APROBAR O PROXECTO MODIFICADO DE 27 DE OUTUBRO DE ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO 2021.

O pleno da corporación do Concello de Rianxo, na sesión ordinaria do 30 de setembro de 2021, aproba:

.../...

1.- Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total

ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO	13.631.56€	8.142,15€	21.773,71€
TOTAL	13.631.56€	8.142,15€	21.773,71€

Maior achega provincial asignada ao concello	257.158,59€
Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase	243.527,03€
Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase	13.631.56€

.../...

Unha vez remitida a documentación correspondente, recibíuse o requirimento de emenda formulado pola Deputación Provincial da Coruña de data 18/10/2021 co rexistro de entrada nº 20210000004091 , indicando:

.../...

Revisada a documentación presentada, atopáronse as deficiencias que deseguido se indican:

1.- PROXECTO OU PREGO

O proxecto correspondente a este investimento foi **supervisado** polos Servizos Técnicos desta Deputación, emitíndose o 15 de outubro de 2021 un **informe desfavorable** que se transcribe a continuación:

"Examinado o proxecto en cuestión, en relación coa integridade que ven determinada pola normativa vixente (art. 125 e 126 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e normativa técnica concordante), emítase INFORME DESFAVORABLE por considerar que presenta as seguintes eivas:

O prego carece dos documentos necesarios para que a subministración quede perfectamente definida. Segundo o establecido na base 5.B.3.1 do PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2021", no caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas deberán incluír, cando menos, os seguintes documentos:

a) Memoria descriptiva na que se detallen o obxecto e finalidade da subministración, os antecedentes, as necesidades a satisfacer e a xustificación da solución adoptada. No caso de incluír varias subministracións, estas deberán ter carácter homoxéneo.

b) Un orçamento desagregado, no que se definan con claridade os distintos elementos da subministración, coas súas características técnicas precisas, pero sen facer referencia a marcas, segundo se indica no último parágrafo relativo aos investimentos, con expresión dos prezos decada elemento e o número de unidades, e desagregando o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todas as partidas do orçamento deberán ser subvencionables, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, homologacións, licenzas, estudos, etc., nin honorarios de profesionais, sen prexuízo de que deban realizarse polo concello con cargo aos seus propios recursos, pero non poderán figurar no orçamento do prego incluído no Plan.

Todos os equipamentos deberán contar coa acreditación "Etiqueta CE".

A descrición dos elementos deberá realizarse utilizando rangos de prestacións, dimensións, características técnicas, etc, para evitar limitar a competencia.

Segundo o establecido no art. 126.6 da Lei 9/2017:

"Salvo que lo justifique el objeto del contrato, las prescripciones técnicas no harán referencia a una fabricación o una procedencia determinada, o a un procedimiento concreto que caracterice a los productos o servicios ofrecidos por un empresario determinado, o a marcas, patentes o tipos, o a un origen o a una producción determinados, con la finalidad de favorecer o descartar ciertas empresas o ciertos productos. Tal referencia se autorizará, con carácter excepcional, en el caso en que no sea posible hacer una descripción lo bastante precisa e inteligible del objeto del contrato en aplicación del apartado 5, en cuyo caso irá acompañada de la mención «o equivalente»"

No caso de ser necesario o transporte da subministración ao lugar de destino, no orzamento deberá indicarse que o prezo inclúe o prezo do transporte.

A subministración deberá comprender, de ser o caso, a instalación dos obxectos da subministración, non admitíndose a mera entrega nun almacén. Non obstante, admitírase a colocación das subministracións polo persoal municipal, pero nestes casos deberá indicarse expresamente no prego, e a acta de recepción deberá vir acompañada necesariamente dunha certificación expedida pola dirección do investimento xustificativa de que todos os elementos quedaron instalados nos lugares detallados no prego, e entregados ao uso público.

c) Lugar e prazo de entrega.

d) Prazo de garantía.

e) Documentos gráficos necesarios para a correcta definición da subministración."

2.- ANEXOS

Faltan os Anexos V, VI e IX

No Anexo VIII indican como grupo de programa o 152. Este programa non está incluído nos grupos de programa financeiramente sostibles indicados na base 2.3 das reguladoras do Plan.

NOTA:

Estas deficiencias deberán ser corrixidas presentando a documentación necesaria como DOCUMENTACIÓN ADICIONAL/EMENDA.

No caso de que sexa necesario realizar modificacións no proxecto /prego, debe subirse un único novo documento que recolla íntegramente o proxecto/prego corrixido, porque vai substituír ao anterior, que será marcado como obsoleto, e ademais deberá subirse a certificación da súa aprobación polo órgano competente do concello. En todo caso, cando a modificación do proxecto afecte ao seu orzamento ou ao obxecto da obra, deberá ser aprobado polo Pleno do concello, xa que supón unha modificación do acordo de solicitude do Plan, polo que tamén deberá subirse na convocatoria POS+AD2b-SOLICITUDE..

Con data 27/10/2021 co rexistro de entrada nº 20210000004213, recíbese o proxecto modificado coas emendas sinaladas pola Deputación provincial da Coruña.

Visto que os cambios introducidos no proxecto a pedimento da Deputación provincial da Coruña, refírense á mera emenda de defectos detectados na súa documentación tras a supervisión técnica efectuada polo Servizo Técnico da entidade provincial, e dado que os devanditos cambios non afectan á natureza das obras a realizar nin á súa valoración económica.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2o g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2oa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excm. Deputación Provincial a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Aínda así, e co gallo de someter esta nova proposta á Deputación Provincial, estímase procedente adiantar o devandito paso sen prexuízo da súa ratificación polo Pleno municipal na vindeira sesión.

Polo exposto, esta Alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO

Aprobar o proxecto técnico en que se recollen cos cambios non substanciais propostos pola supervisión técnica do Servizo de Apoio Técnico a Municipios da Deputación provincial da Coruña:

Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 2/2021	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
ACONDICIONAMENTO DO MOBILIARIO DAS VIVENDAS DOS MESTRES, RIANXO	13.631.56€	8.142,15€	21.773,71€
TOTAL	13.631.56€	8.142,15€	21.773,71€

SEGUNDO

Dar traslado ao Pleno da Corporación deste Concello na primeira sesión que se celebre a partir da data da presente resolución, para a súa ratificación.

TERCEIRO

Dar traslado da presente resolución e do acordo plenario que posteriormente se adopte á Deputación Provincial para a súa inclusión na 2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 2/2021

En vista do exposto, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO

Ratificar a Resolución da Alcaldía no 902/2021, nos termos indicados na mesma.

SEGUNDO

Remitir certificado do presente acordo a Deputación da Coruña a través da Plataforma SUBTEL.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3. IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES

A COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN, en sesión ordinaria do día 19/11/2021, ditaminou favorablemente a seguinte proposta:

ORDENANZA FISCAL NUMERO 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES

EXPEDIENTE: 2021/G015/000001

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello considera oportuno, necesario e conveniente adoptar o acordo de imposición e ordenación da Ordenanza fiscal número 11.

A oportunidade e a conveniencia xustifícanse pola reintrodución na normativa tributaria municipal desta taxa que derogouse hai dous exercicios, considerándose pertinente a súa esixencia, posto que a ocupación do dominio público que se somete a gravame reporta a quen se beneficia dela un indudable beneficio económico.

Vistos os informes de Secretaría, de Tesouraría e de Intervención, incorporados ao expediente, efectúase a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO. Adoptar o acordo de imposición e ordenación da ORDENANZA FISCAL NUMERO 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES, nos seguintes termos:

“Artigo 1. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 15 a 19 e 57 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRFL) aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal, que se rexerá polo disposto nos artigos 20 a 27 do TRFL, na normativa tributaria municipal e na demais normativa municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa do dominio público local polas ocupacións do solo con postos, casetas de venda e industrias de rúa e ambulantes.

Artigo 3. Supostos de non suxeición

Con independencia da obriga ou non da tramitación da licenza ou autorización correspondente, non están suxeitos a esta taxa as utilizacións privativas e os aproveitamentos especiais do dominio público local que se detallan de seguido:

- a. as ocupacións do dominio público local que, en aplicación do principio de especialidade, están suxeitas a outras taxas pola ocupación do dominio público municipal.
- b. a ocupación da vía pública para actividades publicitarias realizadas por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e facer promoción dos seus actos propios de carácter social, político, cultural, de participación cidadá, de fomento de valores cívicos e condutas humanitarias, de concienciación e sensibilización social e similares, previo acordo da Xunta de Goberno Local.

Artigo 4. Obrigados tributarios

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT), que gocen, utilicen ou aproveiten especial ou de xeito privativo o dominio público municipal en beneficio particular.

Artigo 5. Deivindicación e período impositivo

1. O período impositivo coincidirá co bimestre natural, salvo nos casos de alta ao longo do mesmo, en que se iniciará no momento da ocupación, e nos casos de baixa, en que rematará o día natural mo que se produza o cese da ocupación.

A taxa deivindicarase periodicamente o primeiro día de cada bimestre natural, salvo no caso de inicio do aproveitamento, en que se producirá no momento da ocupación.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, tomarase como referencia da data de inicio e da duración da ocupación a que figure na correspondente autorización administrativa, ou, no seu caso, os que resulten da correspondente comprobación administrativa, si difiren daquela ou si existise ocupación efectiva sen autorización previa.

3. Nos aproveitamentos realizados por días, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa deivindicarase o día ou días declarados de ocupación.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria obterase tras a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Cota tributaria} = 11 \text{ €/m}^2 * s * t$$

s, superficie ocupación (m² expresados en metros lineais de fronte do posto)

t, coeficiente corrector de tempo de uso:

asistencia dous días á semana con carácter permanente = coeficiente 1;

asistencia un día á semana con carácter permanente = coeficiente 0,5;

ocupación temporal ocasional autorizada = ratearase en función dos termos da autorización, si a ocupación é de ata 8 días; si excede de 8 días aplicarase coeficiente multiplicador > 1, proporcional á ocupación.

2. Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase a ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a cota reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación.

Artigo 7. Normas de xestión

7.1.- Ocupacións temporais:

a. Con carácter xeral, a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público municipal esixirase en réxime de autoliquidación simultaneamente coa solicitude da licenza ou autorización de ocupación correspondente. A autoliquidación considerase un ingreso a conta da liquidación que, no seu caso, practique en función da ocupación efectivamente concedida. Os departamentos municipais competentes para a tramitación da autorización correspondente notificarán á Tesourería municipal os acordos de concesión e denegación de ocupación para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante autoliquidación sexa inferior ou superior ao que corresponda.

b. No suposto de que o Concello actúe de oficio, e unha vez notificado o acordo polo departamento municipal competente, a Tesouraría xirará a liquidación correspondente ao interesado.

7.2.- Ocupacións permanentes e de tempada:

a. As ocupacións permanentes e de tempada xestionaranse a partires do censo da taxa, que se formará pola Tesourería municipal en base aos datos aportados polo departamento municipal competente para a tramitación das licenzas ou autorizacións de ocupación. A exacción será bimensual.

b. Nos supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, o suxeito pasivo está obrigado a presentar e ingresar a autoliquidación

simultaneamente coa solicitude da autorización de ocupación. O departamento municipal competente para a tramitación da autorización comunicará á Tesouraría municipal os acordos de concesión de autorizacións para a súa inclusión no padrón do período de cobro seguinte, e para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante autoliquidación fora inferior ao que corresponda segundo o acordo de ocupación concedida, ou para a devolución de ingreso , no suposto de que o importe autoliquidado e ingresado fora superior.

c. No caso de baixa, revogación ou modificación das autorizacións concedidas, o departamento municipal competente para a súa tramitación comunicarao á Tesouraría municipal para a modificación ou exclusión do censo da taxa, con efectos tributarios a partires do período impositivo seguinte.

d. Nas ocupacións permanentes e de tempada, os suxeitos pasivos teñen a obriga de declarar os cambios que se produzan no uso e goce do aproveitamento e demais circunstancias con efectos fiscais nas taxas correspondentes. O prazo para declarar é de dez días desde que se produza o cambio, ou demais circunstancias con efectos fiscais.

e. Nos supostos de cambios de titularidade manténdose a autorización inicial, a cota será irreductible e o obrigado ao pagamento será o que figure como titular o primeiro día do período impositivo.

Artigo 8. Responsabilidade por destrución ou deterioro

Cando as utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público municipal comporten a súa destrución ou deterioro, o beneficiario estará obrigado ao reintegro do custe total dos gastos de reconstrución ou deterioro e ao depósito previo do seu importe, sen prexuízo do pago da taxa correspondente.

Se os danos son irreparables, o Concello será indemnizado en todo caso en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro producido.

Artigo 9. Infraccións e sancións

1.- Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e imposición das sancións correspondentes, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e a normativa de desenvolvemento .

2. O incumprimento do deber de declaración á que se refire o artigo 7.2 c) desta ordenanza cualificarase como infracción tributaria nos termos sinalados na LXT e demais disposicións aplicables.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día de xxx de dous mil vinte e un."

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do Boletín Oficial da Provincia.”

Detectado un erro na mesma, presentase a seguinte emenda:

EMENDA Á PROPOSTA DA ORDENANZA FISCAL NUMERO 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES

En sesión de 19.11.2021 da Comisión Informativa de Facenda, Réxime Interior, Persoal e Administración ditaminouse favorablemente a seguinte Proposta da Alcaldía:

“PRIMEIRO. Adoptar o acordo de imposición e ordenación da ORDENANZA FISCAL NUMERO 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES, nos seguintes termos:

“Artigo 1. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 15 a 19 e 57 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRFL) aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal, que se rexerá polo disposto nos artigos 20 a 27 do TRFL, na normativa tributaria municipal e na demais normativa municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal.

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa do dominio público local polas ocupacións do solo con postos, casetas de venda e industrias de rúa e ambulantes.

Artigo 3. Supostos de non suxeición

Con independencia da obriga ou non da tramitación da licenza ou autorización correspondente, non están suxeitos a esta taxa as utilizacións privativas e os aproveitamentos especiais do dominio público local que se detallan de seguido:

a. as ocupacións do dominio público local que, en aplicación do principio de especialidade, están suxeitas a outras taxas pola ocupación do dominio público municipal.

b. a ocupación da vía pública para actividades publicitarias realizadas por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e facer promoción dos seus actos propios de carácter social, político, cultural, de participación cidadá, de fomento de valores cívicos e condutas humanitarias, de concienciación e sensibilización social e similares, previo acordo da Xunta de Goberno Local.

Artigo 4. Obrigados tributarios

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT), que gocen, utilicen ou aproveiten especial ou de xeito privativo o dominio público municipal en beneficio particular.

Artigo 5. Deivindicación e período impositivo

1. O período impositivo coincidirá co bimestre natural, salvo nos casos de alta ao longo do mesmo, en que se iniciará no momento da ocupación, e nos casos de baixa, en que rematará o día natural mo que se produza o cese da ocupación.

A taxa deivindicarase periodicamente o primeiro día de cada bimestre natural, salvo no caso de inicio do aproveitamento, en que se producirá no momento da ocupación.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, tomarase como referencia da data de inicio e da duración da ocupación a que figure na correspondente autorización administrativa, ou, no seu caso, os que resulten da correspondente comprobación administrativa, si difiren daquela ou si existise ocupación efectiva sen autorización previa.

3. Nos aproveitamentos realizados por días, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa deivindicarase o día ou días declarados de ocupación.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria obterase tras a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Cota tributaria} = 11 \text{ €/m}^2 * s * t$$

s, superficie ocupación (m² expresados en metros lineais de fronte do posto)

t, coeficiente corrector de tempo de uso:

asistencia dous días á semana con carácter permanente = coeficiente 1;

asistencia un día á semana con carácter permanente = coeficiente 0,5;

ocupación temporal ocasional autorizada = ratearase en función dos termos da autorización, si a ocupación é de ata 8 días; si excede de 8 días aplicarase coeficiente multiplicador > 1, proporcional á ocupación.

2. Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase a ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a cota reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación.

Artigo 7. Normas de xestión

7.1.- Ocupacións temporais:

a. Con carácter xeral, a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público municipal esixirase en réxime de auto liquidación simultaneamente coa solicitude da licenza ou autorización de ocupación correspondente. A auto liquidación considerase un ingreso a conta da liquidación que, no seu caso, practique en función da ocupación efectivamente concedida. Os departamentos municipais competentes para a tramitación da autorización correspondente notificarán á Tesouraría municipal os acordos de concesión e denegación de ocupación para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante auto liquidación sexa inferior ou superior ao que corresponda.

b. No suposto de que o Concello actúe de oficio, e unha vez notificado o acordo polo departamento municipal competente, a Tesouraría xirará a liquidación correspondente ao interesado.

7.2.- Ocupacións permanentes e de tempada:

a. As ocupacións permanentes e de tempada xestionaranse a partires do censo da taxa, que se formará pola Tesouraría municipal en base aos datos aportados polo departamento municipal competente para a tramitación das licenzas ou autorizacións de ocupación. A exacción será bimensual.

b. Nos supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, o suxeito pasivo está obrigado a presentar e ingresar a auto liquidación simultaneamente coa solicitude da autorización de ocupación. O departamento municipal competente para a tramitación da autorización comunicará á Tesouraría municipal os acordos de concesión de autorizacións para a súa inclusión no padrón do período de cobro seguinte, e para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante auto liquidación fora inferior ao que corresponda segundo o acordo de ocupación concedida, ou para a devolución de ingreso, no suposto de que o importe auto liquidado e ingresado fora superior.

c. No caso de baixa, revogación ou modificación das autorizacións concedidas, o departamento municipal competente para a súa tramitación comunicarao á Tesouraría municipal para a

modificación ou exclusión do censo da taxa, con efectos tributarios a partires do período impositivo seguinte.

d. Nas ocupacións permanentes e de tempada, os suxeitos pasivos teñen a obriga de declarar os cambios que se produzan no uso e goce do aproveitamento e demais circunstancias con efectos fiscais nas taxas correspondentes. O prazo para declarar é de dez días desde que se produza o cambio, ou demais circunstancias con efectos fiscais.

e. Nos supostos de cambios de titularidade manténdose a autorización inicial, a cota será irredutible e o obrigado ao pagamento será o que figure como titular o primeiro día do período impositivo.

Artigo 8. Responsabilidade por destrución ou deterioro

Cando as utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público municipal comporten a súa destrución ou deterioro, o beneficiario estará obrigado ao reintegro do custe total dos gastos de reconstrución ou deterioro e ao depósito previo do seu importe, sen prexuízo do pago da taxa correspondente.

Se os danos son irreparables, o Concello será indemnizado en todo caso en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro producido.

Artigo 9. Infraccións e sancións

1.- Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e imposición das sancións correspondentes, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e a normativa de desenvolvemento .

2. O incumprimento do deber de declaración á que se refire o artigo 7.2 c) desta ordenanza cualificarase como infracción tributaria nos termos sinalados na LXT e demais disposicións aplicables.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día de xxx de dous mil vinte e un."

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do Boletín Oficial da Provincia."

Detectado un erro na mesma consistente na **modificación do artigo 6** en relación cas ocupación con carácter permanente e ocupación temporais, debido a que a exacción será bimensual, e co fin de clarificar o cálculo da cota.

En aplicación do previsto no artigo 97.5 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, coa presente formúlase a presente EMENDA por escrito:

Modificar a Proposta da alcaldía relativa á **redacción do artigo 6º** da Ordenanza fiscal número 11 reguladora da Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, pola ocupación do solo con postos, casetas e venda, industria de rúas e ambulantes, para que quede redactada no seu artigo 6, anteriormente indicado, nos seguintes termos:

"Artigo 6. Cota tributaria

1. Ocupacións con carácter permanente

A cota tributaria bimensual obterase tras a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Cota tributaria} = 11 \text{ €/m}^2 * s * t$$

s, superficie ocupación (m² expresados en metros lineais de fronte do posto)

t, coeficiente corrector de tempo de uso:

asistencia dous días á semana con carácter permanente = coeficiente 2;

asistencia un día á semana con carácter permanente = coeficiente 1;

2. Ocupacións temporais

A cota tributaria obterase tras aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Cota tributaria} = 11 \text{ €/m}^2 * s * t$$

s, superficie ocupación (m² expresados en metros lineais de fronte do posto)

t, coeficiente corrector de tempo de uso:

.....ratearase en función dos termos da autorización, si a ocupación é de ata 16 días; si excedede 16 días aplicarase coeficiente multiplicador > 2, proporcional aos días da ocupación.

3. Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase a ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a cota reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación."

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a Emenda anteriormente transcrita.

Acto seguido sométese a ratificación do Pleno a Proposta de acordo ditaminada favorablemente pola COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA, RÉXIME INTERIOR, PERSOAL E ADMINISTRACIÓN co texto emendado, aprobándose a mesma por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, Proposta que queda redactada nos seguintes termos:

“ORDENANZA FISCAL NUMERO 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASSETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES

EXPEDIENTE: 2021/G015/000001

En uso das competencias locais recoñecidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20 en relación cos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este concello considera oportuno, necesario e conveniente adoptar o acordo de imposición e ordenación da Ordenanza fiscal número 11.

A oportunidade e a conveniencia xustifícanse pola reintrodución na normativa tributaria municipal desta taxa que derrogouse hai dous exercicios, considerándose pertinente a súa esixencia, posto que a ocupación do dominio público que se somete a gravame reporta a quen se beneficia dela un indudable beneficio económico.

Vistos os informes de Secretaría, de Tesouraría e de Intervención, incorporados ao expediente, efectúase a seguinte PROPOSTA:

PRIMEIRO. Adoptar o acordo de imposición e ordenación da ORDENANZA FISCAL NUMERO 11 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA ou APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLA OCUPACIÓN DO SOLO CON POSTOS, CASSETAS DE VENDA, INDUSTRIAS DE RÚA E AMBULANTES, nos seguintes termos:

“ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e nos artigos 15 a 19 e 57 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRFL) aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público

municipal, que se rexerá polo disposto nos artigos 20 a 27 do TRFL, na normativa tributaria municipal e na demais normativa municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible desta taxa a utilización privativa do dominio público local polas ocupacións do solo con postos, casetas de venda e industrias de rúa e ambulantes.

ARTIGO 3. SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO

Con independencia da obriga ou non da tramitación da licenza ou autorización correspondente, non están suxeitos a esta taxa as utilizacións privativas e os aproveitamentos especiais do dominio público local que se detallan de seguido:

- a. as ocupacións do dominio público local que, en aplicación do principio de especialidade, están suxeitas a outras taxas pola ocupación do dominio público municipal.
- b. a ocupación da vía pública para actividades publicitarias realizadas por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e facer promoción dos seus actos propios de carácter social, político, cultural, de participación cidadá, de fomento de valores cívicos e condutas humanitarias, de concienciación e sensibilización social e similares, previo acordo da Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT), que gocen, utilicen ou aproveiten especial ou de xeito privativo o dominio público municipal en beneficio particular.

ARTIGO 5. DEIVINDICACIÓN E PERÍODO IMPOSITIVO

1. O período impositivo coincidirá co bimestre natural, salvo nos casos de alta ao longo do mesmo, en que se iniciará no momento da ocupación, e nos casos de baixa, en que rematará o día natural mo que se produza o cese da ocupación.

A taxa deivindicarase periodicamente o primeiro día de cada bimestre natural, salvo no caso de inicio do aproveitamento, en que se producirá no momento da ocupación.

2. Para os efectos do disposto no apartado anterior, tomarase como referencia da data de inicio e da duración da ocupación a que figure na correspondente autorización administrativa, ou, no seu caso, os que resulten da correspondente comprobación administrativa, si difiren daquela ou si existise ocupación efectiva sen autorización previa.

3. Nos aproveitamentos realizados por días, o período impositivo é por día. Neste suposto, a taxa deivindicarase o día ou días declarados de ocupación.

ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA

1. Ocupacións con carácter permanente

A cota tributaria bimensual obterase tras a aplicación da seguinte fórmula:

$$\text{Cota tributaria} = 11 \text{ €/m}^2 * s * t$$

s, superficie ocupación (m² expresados en metros lineais de fronte do posto)

t, coeficiente corrector de tempo de uso:

asistencia dous días á semana con carácter permanente = coeficiente 2;

asistencia un día á semana con carácter permanente = coeficiente 1;

2. Ocupacións temporais

A cota tributaria obterase tras aplicar a seguinte fórmula:

$$\text{Cota tributaria} = 11 \text{ €/m}^2 * s * t$$

s, superficie ocupación (m² expresados en metros lineais de fronte do posto)

t, coeficiente corrector de tempo de uso:

.....ratearase en función dos termos da autorización, si a ocupación é de ata 16 días; si excedede 16 días aplicarase coeficiente multiplicador > 2, proporcional aos días da ocupación.

3. Nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase a ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a cota reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación."

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN

7.1.- Ocupacións temporais:

a. Con carácter xeral, a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público municipal esixirase en réxime de autoliquidación simultaneamente coa solicitude da licenza ou autorización de ocupación correspondente. A autoliquidación considerase un ingreso a conta da liquidación que, no seu caso, practique en función da ocupación efectivamente concedida. Os

departamentos municipais competentes para a tramitación da autorización correspondente notificarán á Tesouraría municipal os acordos de concesión e denegación de ocupación para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante autoliquidación sexa inferior ou superior ao que corresponda.

b. No suposto de que o Concello actúe de oficio, e unha vez notificado o acordo polo departamento municipal competente, a Tesouraría xirará a liquidación correspondente ao interesado.

7.2.- Ocupacións permanentes e de tempada:

a. As ocupacións permanentes e de tempada xestionaranse a partires do censo da taxa, que se formará pola Tesouraría municipal en base aos datos aportados polo departamento municipal competente para a tramitación das licenzas ou autorizacións de ocupación. A exacción será bimensual.

b. Nos supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, o suxeito pasivo está obrigado a presentar e ingresar a autoliquidación simultaneamente coa solicitude da autorización de ocupación. O departamento municipal competente para a tramitación da autorización comunicará á Tesouraría municipal os acordos de concesión de autorizacións para a súa inclusión no padrón do período de cobro seguinte, e para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante autoliquidación fora inferior ao que corresponda segundo o acordo de ocupación concedida, ou para a devolución de ingreso , no suposto de que o importe autoliquidado e ingresado fora superior.

c. No caso de baixa, revogación ou modificación das autorizacións concedidas, o departamento municipal competente para a súa tramitación comunicará á Tesouraría municipal para a modificación ou exclusión do censo da taxa, con efectos tributarios a partires do período impositivo seguinte.

d. Nas ocupacións permanentes e de tempada, os suxeitos pasivos teñen a obriga de declarar os cambios que se produzan no uso e goce do aproveitamento e demais circunstancias con efectos fiscais nas taxas correspondentes. O prazo para declarar é de dez días desde que se produza o cambio, ou demais circunstancias con efectos fiscais.

e. Nos supostos de cambios de titularidade manténdose a autorización inicial, a cota será irreductible e o obrigado ao pagamento será o que figure como titular o primeiro día do período impositivo.

ARTIGO 8. RESPONSABILIDADE POR DESTRUCCIÓN OU DETERIORO

Cando as utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público municipal comporten a súa destrución ou deterioro, o beneficiario estará obrigado ao reintegro do custe

total dos gastos de reconstrución ou deterioro e ao depósito previo do seu importe, sen prexuízo do pago da taxa correspondente.

Se os danos son irreparables, o Concello será indemnizado en todo caso en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro producido.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1.- Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e imposición das sancións correspondentes, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT) e a normativa de desenvolvemento .

2. O incumprimento do deber de declaración á que se refire o artigo 7.2 c) desta ordenanza cualificarase como infracción tributaria nos termos sinalados na LXT e demais disposicións aplicables.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día de xxx de dous mil vinte e un."

SEGUNDO. Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

TERCEIRO. De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

CUARTO. O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do Boletín Oficial da Provincia."

4 PROPOSTA DA ALCALDÍA: ADHESIÓN Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALICIA. (De Data 08/11/2021 Co Nº Rexistro de Entrada 20210000004344)

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a ADHESIÓN Á INICIATIVA XABARÍN DO PARLAMENTO DE GALICIA. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta da alcaldía sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar, ou incluso as canles xeralistas con concesións públicas de TV, emiten os seus contidos só en castelán sen nen sequera contaren coa opción dobrada ou lexendada en galego que si ofertan para outras moitas linguas

Mesmo a canle pública estatal, TVE tamén financiada con diñeiro galego, só emite na nosa lingua 39 minutos sobre un total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estableceu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén esta situación pode mudar na nova Lei Xeral de Comunicación Audiovisual.

En maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobada por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir a situación solicitando accións para:

- ✓ Que a nova Lei Xeral do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.
- ✓ Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

O Pleno do Concello de Rianxo acorda adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galicia (PNP-001472) publicada no BOPG nº 126, de 21/04/21 e notificarlle este acordo á Secretaria de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, así como á Dirección Xeral de RTVE.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

5 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BNG SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO SECTOR LÁCTEO GALEGO (presentada o día 17/11/2021 co Rexistro de Entrada nº 20210000004467)

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a SITUACIÓN ACTUAL DO SECTOR LÁCTEO GALEGO, sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As 6.540 explotacións lácteas que aínda quedan neste País corren serio perigo de peche. Elas producen o 455 do leite de todo o Estado. Un produto de superior calidade, cun medio de produción baseado na superficie agraria que en boa medida sustenta a alimentación e dá espazo á cabana gandeira.

Aínda así, boa parte deste sector amosa unha dependencia perigosa dos insumos esóxenos que na volatilidade dos seus prezos, periodicamente, someten a duras probas a viabilidade destas explotacións. A esta volatilidade hai que sumar que nestes tempos a suba e abuso dos oligopolios das eléctricas e dos combustíbeis fan insostíbel a situación

A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria no prezo final do produto, para estes custes de produción. Tal suba, tímida, xa se deu, mais non repercutiu no/a produtor/a e seguimos igual.

A situación mantívose no tempo porque moitas explotacións teñen contratos anuais para pensos, electricidade e mesmo combustíbel, mais chegado o 1 de xaneiro o conto muda.

Todo isto acontece fronte á impasibilidade dos gobernos da Xunta e do Estado. O da Xunta coa súa teimosa negativa a actuar de árbitro ou intermediario "...o mercado manda..." "...a lei prohibeo...!". E o goberno do Estado lava as mans como Pilatos logo de facer unha burla de lei chamada da Cadea Alimentaria, aprobada polo Ministerio de Agricultura que, teoricamente, obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos". Claro que posta a obriga non establece mecanismos para fixar obxectivamente tales custes de produción.

O conto é serio pois a suba de materias primas como a solla, a colza, ou a fariña de millo, que subiron un 50% no último ano, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola que pasou de 55 a 85 céntimos ou o recibo da luz, con incrementos de máis do 50% están a reducir a escasa marxe coa que traballaban as explotacións leiteiras. Nun cálculo serio estes elementos condicionan o 60% dos custes de produción, e estes móvense nun abano de 30 a 40 cts, polo que cun incremento

dun 30% destes custes temos o litro de leite entre 5 e 8 cts máis caro. E non esquezamos que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galiza e que ve ameazado neste momento a súa viabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1- Instar á Xunta de Galiza a promover un Foro de encontro, debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellaría do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores/as, cooperativas, industria e especialmente a Distribución.

2- Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaría se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de produción de referencia vinculantes e obrigatorios.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL BNG- SOBRE O INCREMENTO DOS RECURSOS ECONÓMICOS DESTINADOS ESPECIFICAMENTE A LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. (presentada o día 18/11/2021 e co Rexistro de Entrada nº 20210000004479)

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a INCREMENTO DOS RECURSOS ECONÓMICOS DESTINADOS ESPECIFICAMENTE A LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A foza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

No que vai de ano 2021 Galiza xa tivo que saír á rúa condenar un feminicidio cometido na Coruña, á espera de que conclúan as investigacións respecto doutro asasinato dunha muller no Barco de Valdeorras. Así mesmo, segundo os datos do IGE, durante o 1o semestre de 2021 a Atención polo Punto de Coordinación das Ordes de Protección abordou o seguimento de 536 novos expedientes e foron comunicadas máis de 500 medidas de protección. Así mesmo, diversos colectivos denunciaron recentemente o incremento da violencia obstétrica por mor das dificultades de acceso aos servizos durante a pandemia, así como a permanencia da vulneración de dereitos como o acceso a un aborto digno e gratuíto no sistema público de saúde.

A pandemia da covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesa de forma moi intensa a realidade das mulleres, un dos sectores máis afectados da nosa sociedade. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición de actividade e mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista e o grave risco para milleiros de mulleres.

Entre outros exemplos, podemos sinalar como na súa Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou e que no ámbito da violencia machista "o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia."

Polo tanto, aínda que a situación da pandemia estea nunha fase de control, é necesario que se atendan todas as súas repercusións, tamén no ámbito da violencia machista. E necesario, polo tanto, abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, legislativos e políticos.

Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, e de importantes mobilizacións, como amosa a cada vez maior resposta aos feminicidios, en concovatorias e asistencia, ou as históricas manifestacións dos 8 de maio. Estes feitos dan conta da fartura social e do gran rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

No noso propio Concello tense constancia de once vítimas con protección, dentro do programa VIOGEN de seguimento integral pola Policía Local que asigna tres policíaas a este labor.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións

de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos. Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Demandar da Xunta de Galiza o incremento dos recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2022 de forma que se sitúen, como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, como por exemplo no ámbito da atención psicolóxica garantida desde a atención primaria.
2. Demandar da Xunta de Galiza o reforzo e ampliación da rede de Centros de información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio especialmente aquelas comarcas que actualmente carecen deste servizo así como a dotación dos medios humanos e materiais necesarios para reforzar o cadro de persoal daqueles CIM que asumen unha maior carga de traballo. Para tal fin, a Xunta de Galiza elaborará e remitirá á Cámara galega e á FEGAMP antes de finalizar o presente ano un Plan específico debidamente orzado e coa correspondente planificación temporal para levalo a cabo.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

7 PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL PSG-PSOE FORMULADA CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER, PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE RIANXO (Presentada por Rexistro de Entrada nº 20210000004482 o día 18/11/2021)

Conforme ao disposto no artigo 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro, sométese á consideración do Pleno a proposta relativa a CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER. sen ditame previo da Comisión Informativa.

Acto seguido sométese á votación a inclusión na orden do día do presente Pleno da proposta sen ditame previo da Comisión Informativa, APROBÁNDOSE a citada inclusión por unanimidade dos 14 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada 25 de novembro, o grupo municipal socialista súmase á conmemoración do Día Internacional contra a Violencia contra as mulleres. Compartimos a dor de tantas mulleres que sofren violencia, das súas fillas e fillos, nais, pais, familiares e amizades. A elas diriximos todo o noso apoio, a convicción de que loitamos pola máis xusta das causas e o noso compromiso de non deixar de avanzar ata erradicar da nosa sociedade a violencia machista. Sabemos que o camiño será longo, pero iso só fai máis urxente que apuremos o paso e que sigamos avanzando.

Desde 2003 foron asasinadas no Estado 1.117 mulleres e 44 nenas e nenos. Desde 2019 interpuxéronse 1.743.680 denuncias por violencia de xénero e 452.095 ordes de protección, e 652.795 mulleres recibiron o apoio dos Corpos e Forzas de Seguridade a través do Sistema de Seguimento Integral nos casos de Violencia de Xénero VIOGEN. Segundo os datos da Macroenquisa de violencia contra a muller, o 34,2% das mulleres de todo o Estado sufriron violencia por parte das súas parellas ou exparellas e o 47,2% non denunciou nin empregou os servizos públicos de axuda, e en moita maior medida no caso de mulleres novas.

En Galicia, cada día se incoan nos xulgados 17 novos procedementos penais por violencia contra a muller. Estes xulgados recibiron no segundo trimestre deste ano 1.649 denuncias por violencia machista, un 10,4 % máis que no mesmo período do ano pasado. Tamén con respecto a 2020 existiu un incremento do 9,6% no número de mulleres que son recoñecidas como vítimas, sendo a 30 de xuño de 2021 un total de 1.636. O primeiro Informe sobre a Violencia contra a Muller 2015-2019 apunta ademais que cerca da metade das infraccións penais cometidas contra mulleres en Galicia responden a violencia psíquica, a máis invisible das violencias machistas.

Non podemos resignarnos a que se asuma como normalidade a traxedia dolorosamente cotiá da violencia machista porque non é un destino escrito en pedra senón o resultado, tal e como sinala Nacións Unidas, “dunhas relacións de poder desiguais entre mulleres e homes que persiste como unha crise silenciosa”.

Como cada 25 de Novembro as e os socialistas alzamos a voz contra ese silencio. Sumamos a nosa palabra á de millóns de mulleres e homes que en todo o planeta din basta e reafirmamos ese compromiso tamén con feitos. Desde o Partido Socialista impulsamos o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, que supuxo o recoñecemento de que existe un tipo específico de violencia, a que se exerce contra as mulleres polo feito de ser mulleres e supuxo un cambio completo de perspectiva amplamente demandada polo movemento feminista.

Co Real Decreto-lei de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero abordáronse os cambios legislativos necesarios para ampliar a protección das vítimas e as súas fillas e fillos, e durante a crise da COVID-19 puxéronse a disposición das administracións os fondos para previr e combater a violencia de xénero. Tamén a igualdade é un dos catro eixos principais do ‘Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia’ que lidera o

Goberno de España e a loita contra a violencia machista terá un papel prioritario neste proceso.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero cumprirá a súa vixencia o próximo año e consideramos que é o momento de coñecer o seu impacto, de avaliar, renovar e actualizar o compromiso contra a violencia machista, volvendo sumar o maior consenso posible para que a violencia de xénero siga a ser unha cuestión de Estado, que atinxe a todos os partidos políticos. É o momento de mellorar a coordinación das diferentes administracións na loita contra a violencia de xénero, así como dotar esta tarefa co financiamento axeitado a través das Comunidades Autónomas e concellos, pero tamén a través das organizacións feministas da sociedade civil.

En cumprimento co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, o Partido Socialista considera que os diferentes tipos de violencia que sofren as mulleres requiren de leis específicas e integrais para adecuar a necesidade de intervención e de protección a cada tipo de violencia. É urxente a aprobación da Lei Orgánica de Garantía da Libertad Sexual -coñecida como Lei do Só Si é Si- para que o consentimento da muller sexa o aspecto fundamental sobre o que se configuran os delitos contra a liberdade sexual.

Consideramos que se debe avanzar cara a un novo marco legislativo orientado á abolición da prostitución. A trata con fins de explotación sexual non pode desligarse da prostitución, a forma máis terrible de violencia contra as mulleres. Son dúas caras dunha mesma realidade xa que a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual existe porque hai demanda de mulleres e nenas para a prostitución. O Partido Socialista desexa unha sociedade onde as mulleres e as nenas non sexan prostituídas, nas que os corpos de mulleres e nenas non sexan obxectos de consumo. O noso modelo de sociedade é un no que homes e mulleres son iguais e libres e esa idea é incompatible coa prostitución e a trata de seres humanos.

Non podemos esquecer que a prostitución non é un problema das mulleres, senón de calidade democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer as vítimas non é unha opción, é unha obriga. A violencia machista interpélanos e as administracións locais debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

No ámbito das nosas competencias, desenvolvemos un papel fundamental na prevención, así como na información, asesoramento, protección e acompañamento ás mulleres vítimas e ós seus fillos e fillas.

Por todo isto, desde o Grupo Municipal Socialista de Rianxo propoñemos para a súa aprobación polo Pleno os seguintes acordos:

- Ratificar o compromiso firme do Concello cos dereitos das mulleres, a erradicación de calquera tipo de violencia machista e combater calquera discurso negacionista e posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa total erradicación.

- Impulsar e/ou reforzar as medidas contidas na Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero e no Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero no marco das competencias municipais, así como o seu seguimento.
- Instar ao Goberno de España á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero en Cortes Xerais para buscar o maior consenso político e social, á mellora da coordinación institucional para garantir que os Fondos do Pacto se implementen da maneira máis óptima, e Dotar dos recursos económicos necesarios e axentes especializados os instrumentos de loita contra todas as formas de violencia contra as mulleres.
- Impulsar no marco das competencias municipais que as políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade teñan tamén como obxectivo a abolición da prostitución.
- Instar ao Goberno de España a impulsar un marco normativo orientado á abolición da prostitución.
- Colaborar coas asociacións da sociedade civil que loitan contra a violencia machista e traballan pola igualdade de homes e mulleres.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 14 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

8 DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/10/2021 ata o 31/10/2021, que comprenden os números 822/2021 ao 912/2021, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 18 da Sesión ordinaria do día 07/10/2021
- Acta nº 19 da Sesión ordinaria do día 21/10/2021

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

9. INFORMES MOROSIDADE E PMP 2021

9.1 DACIÓN DE CONTA AO PLENO DO INFORME DE TESOURARÍA SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021

Dáselle conta ao Pleno do informe emitido pola tesouraría municipal sobre o período medio de pago do primeiro trimestre de 2021, que textualmente dí:

I. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.
- Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEPSF, en adiante)
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiamento previstos na LOEPSF.
- Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, polo que se modifica o RD 635/2014.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na LOEPSF.
- Guía para a cumprimentación e o cálculo do período medio de pago a provedores.

II. ANTECEDENTES

A LOEPSF no seu artigo 4 determina o seguinte:

“1. Las actuaciones de las Administraciones Públicas y demás sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Ley estarán sujetas al principio de sostenibilidad financiera.

2. Se entenderá por sostenibilidad financiera la capacidad para financiar compromisos de gasto presentes y futuros dentro de los límites de déficit, deuda pública y morosidad de deuda comercial conforme a lo establecido en esta Ley, la normativa sobre morosidad y en la normativa europea.

Se entiende que existe sostenibilidad de la deuda comercial, cuando el periodo medio de pago a los proveedores no supere el plazo máximo previsto en la normativa sobre morosidad.”

Na delimitación do principio de sostibilidade financeira introdúcese non só a débeda de carácter financeiro, senón tamén a débeda comercial, a través do período medio de pago a provedores (PMP).

O PMP ao que se refire a LOEPSF é un indicador diferente ao da morosidade regulada na Lei 3/2004. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debe afrontar as débedas cos seus provedores, computado como un promedio, e a súa vulneración supón a adopción das medidas previstas na LOEPSF; o segundo é un intervalo de tempo calculado nos termos que dispón a Lei 3/2004 e o seu incumprimento supón a deivindicación de xuros.

III. ÁMBITO OBXECTIVO DE APLICACIÓN

Exclúense de acordo co artigo 3 do RD 635/2014:

- as facturas expedidas antes de 1 de xaneiro de 2014
- as obrigas fronte a entidades que teñan a consideración de administración pública en termos de contabilidade nacional
- as propostas de pago obxecto de retención como consecuencia de embargos, ou procedementos de compensación

Ademais, exclúense:

- as facturas en situación AN (anuladas), as non conformes ou devoltas ao provedor
- as facturas contabilizadas sen rexistro previo (pagos a xustificar ou anticipos de caixa fixa)

IV. CALCULO DO PMP

A metodoloxía de cálculo do PMP foi obxecto de modificación mediante o RD 1040/2017, dando nova redacción ao artigo 5 do Real Decreto 635/2014 intitulado "cálculo do período medio de pago de cada entidade", concretamente clarexa qué se entende por número de días de pago e por número de días pendentes de pago.

A nova redacción do artigo 5" Cálculo del período medio de pago de cada entidad" é a seguinte:

"1. A los efectos del cálculo del período medio de pago global al que se refiere el artículo anterior, el período medio de pago de cada entidad se calculará de acuerdo con la siguiente fórmula:

$$\text{Periodo medio de pago de cada entidad} = \frac{\text{ratio operaciones pagadas} \cdot \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operaciones pendientes de pago} \cdot \text{importe total pagos pendientes}}{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendientes}}$$

2. Para los pagos realizados en el mes, se calculará el ratio de las operaciones pagadas de acuerdo con la siguiente fórmula:

$$\text{Ratio de las operaciones pagadas} = \frac{\Sigma (\text{número de días de pago} \cdot \text{importe de la operación pagada})}{\text{Importe total de pagos realizados}}$$

Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:

- a) La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.
- b) La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.
- c) La fecha de entrada de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la

Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad.

En los supuestos en los que no haya obligación de disponer de registro contable, se tomará la fecha de recepción de la factura en el correspondiente registro administrativo.

En el caso de las facturas que se paguen con cargo al Fondo de Liquidez Autonómico o con cargo a la retención de importes a satisfacer por los recursos de los regímenes de financiación para pagar directamente a los proveedores, se considerará como fecha de pago material la fecha de la propuesta de pago definitiva formulada por la Comunidad Autónoma o la Corporación Local, según corresponda.

3. Para las operaciones pendientes de pago al final del mes se calculará la ratio de operaciones pendientes de pago de acuerdo con la siguiente fórmula:

$$\text{Ratio de operaciones pendiente de pago} = \frac{\Sigma (\text{número de días pendientes de pago} * \text{importe de la operación pendiente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendientes}}$$

Se entenderá por número de días pendientes de pago, los días naturales transcurridos desde:

- a) La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta el último día del periodo al que se refieran los datos publicados.
- b) La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o servicios prestados hasta el último día del periodo al que se refieran los datos publicados.
- c) La fecha de entrada de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta el último día del periodo al que se refieran los datos publicados, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad.

En los supuestos en los que no haya obligación de disponer de registro contable, se tomará la fecha de recepción de la factura en el correspondiente registro administrativo.

4. Para el caso de las Corporaciones Locales no incluidas en el ámbito subjetivo definido en los artículos 111 y 135 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, la referencia al mes prevista en este artículo se entenderá hecha al trimestre del año natural.»

V. CONSIDERACIÓNS DERIVADAS DA NOVA METODOLOXÍA DE CÁLCULO DO PMP

Primeira. Cálculo dos días de pago e facturas a incorporar no cómputo

En primeiro termo, cabe salientar que coa entrada en vigor do RD 1040/2017 o cómputo da ratio de días de pago se realiza desde a aprobación da certificación ou dende a aprobación do documento que acredita a conformidade da entrega de bens ou da prestación do servizo (de existir un procedemento de verificación ou de comprobación da conformidade), ou desde a data de entrada da factura no rexistro administrativo (de non existir procedementos de comprobación previa).

Existen non poucas interpretacións a cerca do que se quere dicir por “aprobación do documento que acredite a conformidade”: a conformidade previa por parte do responsable do gasto ou da unidade xestora do mesmo con carácter previo ao recoñecemento da obriga mediante a aprobación da factura; o acto administrativo consistente no recoñecemento da obriga (Fase O).

A Guía que recolle a metodoloxía de cálculo engade o seguinte criterio (que non figura no marco xurídico aplicable): “En los supuestos en que no exista constancia de la fecha de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo.”

Na formulación dunha consulta sobre este aspecto, realizada pola Deputación Provincial de A Coruña, respecto da interpretación da expresión “aprobación de documentos que acrediten a conformidade” a Subdirección General de Estudios y Financiación de EELL, emitiu a seguinte resposta:

“El momento de inicio de de cómputo de los plazos tras la metodología prevista por la adaptación efectuada por el Real Decreto 1040/2017, tal y como exponen en su consulta, será la siguiente:

- a) la fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material.
- b) la fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o servicios prestados, hasta la fecha de pago material por la Administración.
- c) La fecha de entrada de la factura en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad.

En los supuestos en los que no haya obligación de disponer un registro contable, se tomará la fecha de recepción de la factura en el correspondiente registro administrativo.

Por lo que, una factura sin que aún no se haya aprobado el documento que acredite conformidad con los bienes entregados o servicios prestados, no tiene que figurar entre las obligaciones pendientes de pago, a no ser que no le resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados, o se reciba la factura con posterioridad a la aprobación de la conformidad”.

O sistema de información contable SICALWIN está a considerar para os días de pago todas as facturas pagadas dentro do trimestre. Calcula os días de pago de dous xeitos diferentes, segundo se trate de facturas do exercicio corrente ou de exercicios pechados:

- a. en facturas do exercicio ou facturas de exercicios pechados incorporadas ao corrente en fase O (obriga recoñecida), pola diferenza entre a data da fase O e a do pago material. Cómputo que entendo é correcto.

b. en facturas de exercicios pechados sen imputar aos orzamentos respectivos, e en situación de pendentes de imputar ao orzamento a 31 de decembro do exercicio inmediato anterior, considera os días transcorridos entre o 31/12 (data da OPA-operación pendente de aplicar ao presuposto) e a data do pago material. Cómputo que considero erróneo.

Segundo. Cálculo dos días pendentes de pago e facturas a incorporar no cómputo

O cómputo dos días pendentes de pago debería referirse só a aquelas facturas respecto das que exista aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou cos servizos prestados ata o derradeiro día do trimestre, entendendo por tal, ao meu xuízo, aquelas respecto das que exista unha obriga recoñecida (Fase O). E os días computaríanse por diferenza entre a data da fase O e a data de pago material.

Sen embargo, o aplicativo de contabilidade introduce no cálculo a todas as facturas que teñen unha data de contabilizado, con independencia de que esta coincida coa fase CO do rexistro de facturas (que é a fase O do gasto), ou simplemente coa data de contabilización das mesmas mediante un asento directo en contabilidade, como facturas pendentes de aplicar ao orzamento (que é un apunte extra presupostario). E os días pendentes de pago os calcula por diferenza entre a data de contabilizado, sexa ADO ou apunte extra orzamentario a 31/12, e a data de pago material.

Resulta obvio que esta disfunción do cómputo debería ser corrixida mediante un vambio da parametrización do sistema de información contable.

VI. AUSENCIA DE HOMOXENEIDADE DOS DATOS

A segunda consideración a efectuar pola modificación do RD 635/2014, é que o PMP xa non pode ser negativo, de ahí que exista o PMP do cuarto trimestre de 2017 (último segundo a metodoloxía anterior) e o PMP dos períodos posteriores, non é susceptible de compararse, posto que o seu cálculo non é homoxéneo.

VII. RESULTADO DO PMP DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021

O Sistema de información contable emite o seguinte cálculo do PMP:

PMP	Ratio operacións pagadas	Importe operacións pagadas	Ratio operacións pendentes	Importe operacións pendentes
	41,52 días	788.642,67€	84,20 días	852.292,61€
63,69 días				

Incorpóranse como anexos a este informe a relación de facturas pagadas no trimestre, así como relación de facturas pendentes de pago ao final do trimestre.

VIII. . PUBLICIDADE DO PMP

A disposición adicional primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público establecía a obriga das Administracións Públicas e as súas entidades e organismos vinculados ou dependentes de publicar no seu portal web o período medio de pago a provedores. No artigo 6 apartado 2 do Real Decreto se recolle esta esixencia nos termos seguintes:

“(…) las corporaciones locales remitirán al Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas y publicarán periódicamente, de acuerdo con lo que se prevea en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, la siguiente información relativa a su período medio de pago a

proveedores referido, según corresponda, al mes o al trimestre anterior.”

IX. MEDIDAS CORRECTORAS EN CASO DE INCUMPRIMENTO MOROSIDADE

O artigo 13.6 da LOEPSF establece que cando o PMP supere o prazo máximo permitido na normativa sobre morosidade, actualizárase o plan de tesouraría “inmediatamente”, incluíndo como parte de dito Plan:

“a) O importe dos recursos que va a adicar mensualmente ao pago a provedores para poder reducir o período medio de pago ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.

b) O compromiso de adoptar as medidas cuantificadas de redución de gastos, incremento de ingresos ou outras medias de xestión de cobros e pagos, que permita xerar a tesouraría necesaria para a redución do seu período medio de pago a provedores ata o prazo máximo que fixa a normativa sobre morosidade.”

X. DOCUMENTACIÓN ANEXADA AO INFORME

Achegase a este informe como documentación anexa, o listado 1 de facturas para o ratio de operacións pagadas e o listado 2 de facturas para o ratio de operacións pendentes de pago.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, debido a disfuncionalidade que introduce o propio SICAL no cálculo da magnitude do PMP, xa comentado en informes previos, é complexo identificar a causa do incumprimento do PMP, pero sí pódese concluir que:

- a problemática desta ratio tan desfavorable deriva en parte, como xa se indicou, dunha parametrización inadecuada do Sistema de Información Contable que debería ser modificada nos termos expostos no apartado V deste informe.

- a execución de gasto sen cobertura orzamentaria empeora as ratios, polas datas de referencia que emprega o SICAL. É de capital importancia aumentar o rigor na execución orzamentaria, e adecuala á planificación da tesouraría. De feito, sen considerar o gasto executado sen dotación orzamentaria (OPA) a ratio rondaría os 40 días.

- si se analiza detidamente o número de días entre a fase de obriga recoñecida e o pago material, os prazos son moito mais reducidos que o dato que amosa o PMP.

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO.

9.2 DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE TESOURARÍA SOBRE MOROSIDADE DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2021

Dáselle conta ao Pleno do informe emitido pola tesouraría municipal sobre morosidade do segundo trimestre de 2021, que textualmente dí:

“I. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector Público
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LLCM), modificada pola Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004
- Real Decreto lei 4/2013, de 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo ao crecemento e á creación de emprego (Disposición Final 6ª).
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público
- Guía para a elaboración dos informes trimestrais que as EE.LL. han de remitir ao Ministerio de Facenda, en cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010

II. ANTECEDENTES

A Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (LLMC), determina nos artigos carto e quinto a obrigatoriedade de elaboración e remisión ao Ministerio Hacienda dun informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas incluídas no ámbito obxectivo da norma.

O tenor literal dos mencionados preceptos é o seguinte:

“Artigo carto.

(.....)

3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

